

Tipos de personalidad

Psicología

A personalidade autoritaria



A personalidade autoritaria

A personalidade autoritaria

1. Medo e angustia sobre a súa propia liberdade.
2. Tendencias masoquistas: Necesita someterse voluntariamente a poderes externos que considera mais fortes ca el/ela.
3. Tendencias sádicas: Necesita someter a outros considerados máis febles (minorías, persoas con opinións distintas, librepensadores...)
4. Autodesprezo: É consciente de que para fuxir da angustia da súa liberdade, recorre a mecanismos de evasión, e se despreza por elo.
5. Intenta diluir a súa personalidade en grupos mais grandes (relixiosos, políticos, deportivos, etc.)
6. Actividades compulsivas: Acumulación de riqueza, autoesixencia extrema, etc.
7. Infelicidade
8. Inestabilidade emocional

Trastorno narcisista da personalidade



*Trastorno narcisista da
personalidade*

O trastorno narcisista da personalidade.

1. Autoimaxe grandiosa ou esaxerada.
2. Necesidade constante de admiración
3. Falta de empatía
4. Incapacidade para aceptar críticas
5. Conversacións centradas en si mesmo
6. Sentimento de superioridade intelectual ou moral
7. Relacións sociais superficiais ou interesadas
8. Envexa intensa
9. Identidade e autoestima fráxiles
10. Inestabilidade emocional

Trastorno histriónico da personalidade



A personalidade *histriónica*

Trastorno histriónico da personalidade

1. Que é o que caracteriza a personalidade histriónica?
 - A constante **chamada de atención**
2. Que necesidade última (a auténtica) intenta cubrir coas súas demandas?
 - **Necesidade de apoio e coidado.**
3. Que mecanismos utiliza habitualmente para acadar as súas demandas?
 - **Queixas e vitimismo**
4. Cal é o núcleo da orixe do trastorno histriónico?
 - Mitigar a súa **inseguridade** → Necesidade de apoio e coidado → Chamada de atención
5. En que se diferencia do narcisista?
 - **O narcisista non precisa de coidado, senón de admiración. O narcisista é moito máis frío e manipulador xa que é menos dependente emocionalmente.**



O trastorno histriónico da personalidade.

1. Necesidade constante de ser o centro de atención.
2. Tendencia á queixa e ao vitimismo como forma de chamar a atención, chegando a provocar sentimentos de culpa nos demais.
3. Egocentrismo.
4. Sociabilidade aparente. Dificultade para establecer relacións profundas
5. Baixa tolerancia á frustración
6. Profunda inseguridade persoal
7. Percepción esaxerada do seu propio valor
8. Dependencia emocional dos demais
9. Tendencia á irritabilidade e a depresión

Trastorno da personalidade dependente



A personalidade *dependente*

Trastorno da personalidade dependente

- 2.- Cales son as causas?
 - A **sobreprotección da contorna** → **autoimaxe inepta** (sentirse incapaz de facer as cousas por si mesmo)
 - **Apego inseguro**
- 3.- Que problemas poden afrontar as persoas afectadas por este trastorno?
 - **Dificultades** para tomar **decisións** e asumir **responsabilidades**
 - Problemas nas **relacións sociais e sentimentais** → maior **risco de sufrir abusos ou manipulación** por parte doutras persoas.
 - **Ansiedade ou depresión.**
- 4.- Como é o seu carácter?
 - O seu carácter adoita ser **submiso, dócil e inseguro.**
 - Intentan **non molestar** aos demais, **evitan os conflitos.**
 - Moito **medo ao abandono.**
- 5.- Cal é a consecuencia de non aceptar a responsabilidade?
 - Que cada vez te volves **menos autónomo e máis inútil.**
- 6.- En que se traduce a *non-expresión* do seu enfado?
 - En **trastornos emocionais** como a **ansiedade** ou a **depresión.**



O trastorno dependente da personalidade.

1. Gran **dificultade para tomar decisións propias**
2. Necesidade constante de que outras persoas actúen como protectoras e tomen decisións por elas.
3. Medo intenso a quedar sen alguén que as dirixa ou coide, o que pode provocar pánico ou depresión.
4. Pouca **responsabilidade sobre a súa propia vida**, xa que delegan decisións e responsabilidades noutras persoas.
5. Falta de **autonomía persoal**, o que lles dificulta desenvolverse de maneira independente.
6. **Dificultade para asumir postos de responsabilidade** especialmente no ámbito laboral.
7. **Comportamento submiso e dócil coas persoas das que dependen.**
8. **Evitan o conflito e non expresan desacordo nin críticas por medo a perder a relación coa outra persoa.**
9. **Gran vulnerabilidade á manipulación, abuso ou malos tratos**, xa que lles custa negarse ás peticións dos demais.
10. **Autoimaxe de ineptitude ou incapacidade**, sentindo que non son capaces de levar a súa vida sen axuda.

Trastorno da personalidade evitativa



A personalidade *evitativa*

Trastorno da personalidade evitativa

1.- Cal é a principal característica do trastorno evitativo?

A **evitación**, ben sexa de persoas que non coñezan, situacións novas ou que se sintan incómodas, etc.

2.- Sinala 3 características máis do trastorno evitativo

3.- Cal é o xerme do trastorno?

O medo ao ridículo motivado pola súa autoimaxe inepta e o narcisismo

4.- Como son as súas relacións sociais?

Moi limitadas á familia e poucos amigos

5.- Que outro trastorno agocha o trastorno evitativo?

O narcisista



Trastorno da personalidade evitativa

1. Evitación de persoas, situacións ou actividades que lle resulten incómodas.
2. A evitación débese ao medo ao ridículo motivado pola súa autoimaxe inepta
3. O desexo de quedar sempre ben lle resulta asfixiante e, de aí, a evitación.
4. Intentan non destacar
5. A evitación incrementa a súa frustración
6. Relacións sociais moi reducidas
7. O "narcisista interior" o leva a pensar que as persoas menos capaces son motivos de burla

Trastorno da personalidade paranoide



A personalidade *paranoide*

Trastorno da personalidade paranoide

1.- Cal é a principal característica do trastorno paranoide?

A **desconfianza extrema**. Sospeitan continuamente de que os demais o envexan e intenta perxudicarlle

2.- Cal é factor patolóxico principal do trastorno?

A **hostilidade cara a un mesmo**, que é negada de xeito inconsciente e trasladada á mente dos demais mediante un mecanismo chamado **proxección**

3.- Como son as súas relacións sociais?

Poden manter relacións superficiais onde parecen educados ou incluso acadar postos altos pero na **proximidade a convivencia é imposible**;

4.- Onde reside o paradoxo do trastorno paranoide?

Que necesita sentirse agredido para sentirse forte e respectado; no seu subconsciente, o feito de ser atacado ou envexado reafirma a súa crenza de que é un ser superior.

Trastorno da personalidade paranoide

- **Suspición e desconfianza:** A persoa intúe unha mala intención na maioría das persoas e percibe segundas intencións en calquera comentario.
- **Sentimento de superioridade:** Sente que posúe unha superioridade intelectual ou moral, o que utiliza para xustificar que os demais lle teñan envexa
- **Intolerancia á crítica:** Non soporta as discrepancias nin as críticas, considerando a quen o fai como ignorantes ou malintencionados
- **Ausencia de autocrítica:** O paciente carece por completo de autocrítica, pero é extremadamente crítico cos demais.
- **Rancor e vinganza:** É unha persoa moi rancorosa que non esquece os desaires e pode presentar un carácter vingativo.
- **Hostilidade na proximidade:** Aínda que pode disimular en encontros superficiais, móstrase intransigente e hostil coas persoas próximas.
- **Dificultade de convivencia:** A convivencia faise case imposible porque non aceptan a súa distorsión da realidade, o que adoita levarlos ao illamento ou a rodearse de persoas submisas.
- **Tendencia litigante:** Está sempre disposto a denunciar e levar a xuízo aos demais por calquera incidente mínimo.
- **Uso da proxección:** Utiliza a proxección como mecanismo de defensa, atribuíndo aos demais a hostilidade que sente cara a si mesmo.
- **Resistencia ao tratamento:** É practicamente imposible que acudan á consulta por iniciativa propia, xa que non recoñecen o seu problema.

Trastorno esquizoide da personalidade



A personalidade *esquizoide*

Trastorno esquizoide da personalidade

- **Falta de interese social e illamento**
- **Indiferenza ante a opinión allea** --> Esta actitude fai que non adoiten ser branco de bullying, xa que a súa falta de reacción non satisfai aos acosadores.
- **Frialdade**: Son individuos calados e silenciosos que apenas manifestan emocións
- **Carencia de autonomía**: Presentan serios problemas de adaptación precisando de persoas que as coiden.
- **Mundo interior e pensamento evasivo**. Ven ou mundo exterior como algo "incomprensible" e ata "ameazante".
- **Pensamento simple e coherente**.
- Poden ter ideas fantasiosas sobre eles mesmos, **non teñen interese en convencer aos demais** (a diferenza do perfil paranoide).
- **Bloqueo non desenvolvemento** (falta de individuación).
- **Vulnerabilidade psicolóxica**: Calquera indicio de separación afectiva ou confrontación emocional pode desorganizar a súa personalidade ata extremos incapacitantes ou mesmo psicóticos